

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S. A. , 2026 (programas "Labranza", "O Agro" e "Ferrado e medio")

1. A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o desenvolvemento rural e mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican en Galicia á actividade agrogandeira e forestal.

2. ANTECEDENTES E OPORTUNIDADE

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. ten o interese e o deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia os programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos, entre outros, os pertencentes ao sector agrogandeiro e forestal.

Para o axeitado desenvolvemento das políticas públicas da Administración autonómica, no seu ámbito de actuación e no exercicio das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural, considérase imprescindible revitalizar e impulsar a súa programación como medio idóneo para divulgar todos os aspectos relacionados co noso territorio. Os obxectivos coinciden cos previstos no Decreto 223/2022, de 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural que, coa súa participación, pretende levar a cabo un servizo de difusión nos medios de comunicación de titularidade pública que ten por obxecto a divulgación de mensaxes que contribúan ao desenvolvemento do medio rural e a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican en Galicia á actividade agrogandeira e forestal.

Por tratarse dunha actuación única promovida pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., a achega económica da Xunta de Galicia realizarase a través dun convenio de colaboración, dado que non é posible promover concorrencia pública por representar esta entidade o 100% da produción pública galega. E, por outra banda, ao ser un ente público dependente da Administración





autonómica, como medio propio de carácter público, derivase un importante aforro económico no desenvolvemento da prestación.

En relación co Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19/01/06 (criterios que se deben seguir na tramitación de expedientes referentes a convenios con empresas titulares de medios de comunicación), hai que facer constar o seguinte:

- O idioma de emisión dos programas “Labranza”, “O Agro” e “Ferrado e medio” é o galego normativizado.
- A máxima difusión e audiencia en función dos obxectivos e público destinatario unicamente pode conseguirse no dito idioma a través deste ente que, de acordo cos datos do EXM, figura como o medio de comunicación televisivo máis seguido en idioma galego. Neste sentido, cómpre destacar que a TVG pechou o ano 2025 cunha cota media de pantalla do 8,4%.
- En canto aos criterios xerais e específicos que se formulan no proxecto, aspectos de implantación, creatividade e eficiencia e os correspondentes a un segmento de especial interese cívico que deben rexer, considéranse cumpridos na súa totalidade, xa que os obxectivos son os de levar a cabo o servizo de difusión público coa divulgación de mensaxes que contribúan ao desenvolvemento do medio rural e a mellora as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican a este tipo de actividade, en todo o ámbito e respecto de toda a poboación da Comunidade autónoma a través dun medio con capacidade para isto.

Polo tanto, en función destes criterios, non é posible promover a concorrencia; unicamente poden conseguirse os obxectivos previstos a través deste único medio de comunicación de carácter público.

Todos estes antecedentes xustifican as razóns de oportunidade para propoñer a formalización do dito instrumento de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., para a realización e emisión de tres programas sobre o sector (“Labranza”, “O Agro”, e “Ferrado e medio”), de acordo coas condicións que se especifican.

3. FINALIDADE

Para os efectos sinalados, esta Consellería ten previsto formalizar coa Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.





4. OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para o desenvolvemento dos programas "O Agro", "Labranza", e "Ferrado e medio", que emite a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., á quen lle corresponde o establecemento da liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos.

5. LEGALIDADE

Esta colaboración non está comprendida no ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que exclúe os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na devandita Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

As actuacións que se pretenden non gardan relación co funcionamento do mercado interior, no sentido ao que se refire a comunicación interpretativa da Comisión (2006/C 179/02), xa que a celebración deste convenio non ten potencial interese para os operadores económicos doutros Estados membros, pola súa escasa incidencia económica.

Así, respéctase a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea, que impón unha obriga de transparencia no sentido que se indica.

Por outra banda, o texto do convenio non excede das competencias atribuídas á consellería nin implica renuncia ao exercicio das conferidas como propias.

6. OBXECTIVOS

Segundo consta no informe emitido pola Xefa de Prensa do 18 de febreiro de 2026, os programas "O Agro" e "Labranza" emítense sen interrupción na Televisión de Galicia (TVG) dende o 9 de marzo de 1991, o que os converte, con máis de trinta anos de historia, nuns dos espazos decanos da televisión na Comunidade Autónoma. A creación de ambos os dous programas foi proposta e promovida directamente pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes como un servizo público de información para o sector agropecuario e forestal e para os habitantes





do medio rural, no que a consellería competente nesta materia ven prestando a súa colaboración. Así mesmo, a través da súa canle de radio, vén emitindo o programa "Ferrado e medio" os domingos de 07:00 a 08:00 da mañá.

"Labranza":

É un programa semanal de 30 minutos de duración que se emite semanalmente e nunha franxa horaria que garanta un alto nivel de audiencia. Consta de dúas reportaxes (de 12 minutos e medio de duración aproximadamente) nos que se trata de facer unha análise en profundidade de temas de actualidade do sector agropecuario, forestal e o medio rural.

Os obxectivos son os seguintes:

- Divulgación das últimas técnicas e as novas normativas que afectan aos sectores gandeiro, agrícola, forestal e alimentario, para contribuír á súa modernización e mellora.
- Atención á industria de transformación e á comercialización dos produtos agrarios, incidindo especialmente nos produtos protexidos ou certificados con selos de calidade e orixe.
- Divulgación das prácticas agrarias máis respectuosas co medio natural, normativas de prevención de riscos laborais para mellorar a seguridade no traballo e pautas para incrementar a calidade das producións agrícolas, gandeiras e forestais.
- Información sobre as iniciativas públicas e privadas que axuden a fixar poboación e mellorar a calidade de vida no medio rural.
- Promoción da diversificación agraria e dos principios da Política Agraria Común.

"O Agro":

É un programa de 7 minutos de duración que se emite os martes e mércores en franxa de mañá. Normalmente consta dunha ou dúas reportaxes, de entre 2 e 4 minutos de duración, sobre temas de actualidade do sector agrario, forestal e rural. Consta ademais de varias seccións fixas segundo o día semana.

Os obxectivos son os seguintes:





Os mesmos que os de "Labranza", coa diferenza de que está máis centrado na información do día a día, coas cotizacións dos mercados gandeiros, información sobre as distintas liñas de axudas ás que poden optar os agricultores, avisos de pragas e enfermidades, etc.

Durante o ano 2025, o programa de Labranza rexistrou unha cota de pantalla do 6,3 % e unha audiencia media de 11.000 espectadores. Pola súa banda o espazo "O agro" que se emite no programa "A revista" acadou unha cota de pantalla estimada do 7,8 % (11.000 espectadores). Ademais de estar na primeira canle de Televisión de Galicia, este programa emítese para toda Europa e América a través da canle internacional da CSAG.

"Ferrado e medio"

É un programa de radio que se vén emitindo os domingos de 07:00 a 08:00 da mañá.

O contido deste programa versa sobre as novidades da agricultura e a gandería galegas. Así estrutúrase en diversas seccións que inclúen información relativa ás producións agrícolas, planta ornamental, oleícolas, sector gandeiro, forestal e información de interese para as persoas traballadoras destes eidos produtivos.

O programa de Radio Galega "Ferrado e medio" emitido na franxa de 07:00 a 08:00 horas os domingos rexistrou unha audiencia acumulada no ano móbil Febreiro-Novembro de 2025 de 3.000 oíntes segundo o Estudo Xeral de Medios. Ademais de emitirse na Radio Galega o programa está dispoñible na páxina web da CSAG.

A TVG pechou o ano 2025 cunha cota media de pantalla do 8,4 %.

7. FINANCIAMENTO

O financiamento dos ditos programas para o período que abrangue dende o 1 de abril ata o 31 de decembro de 2026 supón un total de 292.591 euros. Polo miúdo, os 139 programas previstos neste período (34 de "Labranza", 34 de "Ferrado e medio" e 71 de "O Agro", contan cuns gastos internos previstos de 261.335 euros (incluíndo aquí os conceptos de man de obra -194.063 euros-, recursos técnicos -15.775 euros- e outros custes 51.497 €), ao que se suma un total de 1.840 euros en concepto de custes externos -aprovisionamento e servizos externos- e outros 29.416 euros en calidade doutros custes de emisión.





A Consellería do Medio Rural participa cunha achega de 75.000,00 euros, con cargo á aplicación 15.01.711A.640.3 (código de proxecto 2015 00585) dos orzamentos da Comunidade autónoma de Galicia para a anualidade 2026.

OBXECTIVOS FITOS E INDICADORES. Plan Estratéxico de Galicia PEG 22-30

De conformidade coa Instrución 3/2023 da Intervención Xeral os obxectivos e fitos do convenio dentro do Plan estratéxico de Galicia, Peg 22-30, son os seguintes :

Prioridade de Actuación	Obxectivo estratéxico	Obxectivo operativo/instrumental	Indicador
PA05- Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	E01- Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental	OO07 Actuacións da promoción da calidade das producións agro-gandeiras de Galicia.	P00404- Actividades realizadas: valor final: 30

Fitos concretos
<p>Difusión de temas de actualidade e interese para o sector agrario, forestal e rural, o que inclúe información actualizada sobre as cotizacións dos mercados gandeiros, as distintas liñas de axudas ás que poden optar os agricultores ou avisos de pragas e enfermidades, entre outros.</p> <p>Resulta fundamental a divulgación a través dos medios de comunicación de titularidade pública, de mensaxes que contribúan ao desenvolvemento do medio rural e a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican en Galicia á actividade agrogandeira e forestal.</p> <p>Ditos obxectivos coinciden cos previstos no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.</p>

Tamén se inclúe no expediente o orzamento desagregado e analítico por actividades e tipoloxía de gasto dos custos de emisión dos programas.





Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, conforme ao artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Marta Forés Lojo

